



Tertulias literarias

BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA outubro – decembro 2018

B

La uruguaya, de Pedro Mairal



Lucas Pereyra, un escritor na corentena, viaxa a Montevideo para recoller un diñeiro que non pode recibir no seu país. Casado e cun fillo, non atravesa o seu mellor momento, pero a perspectiva de pasar un día en compañía dunha moza amiga é suficiente para animalo. Unha vez en Uruguai, as cousas non terminan de saír tal como as planeaba...

Entrega: 8 outubro

Comentario: 17 outubro

Del color de la leche, de Nell Leyshon



Mary, unha adolescente co pelo da cor do leite e un defecto físico nunha perna que vive na Inglaterra rural de 1830, é enviada a traballar como criada para coidar á muller do vigairo. Entón, ten a oportunidade de aprender a ler e escribir. Con todo, conforme deixa o mundo das sombras, descobre que as luces poden resultar mesmo máis cegadoras.

Entrega: 17 outubro

Comentario: 31 outubro

Mil soles espléndidos, de Khaled Hosseini



Conmovedora historia de amizade entre Mariam e Laila, dúas mulleres afgás de orixes moi dispares, cuxos destinos se entrelazan por obra do azar e das convulsións que sufriu Afganistán no últimos trinta anos.

Entrega: 31 outubro

Comentario: 14 novembro

Un amor, de Alejandro Palomas



No universo familiar de Amalia, a engrenaxe móvese ao ritmo desacompasado das emocións. É unha familia típica, e sobre todo, moi real. Pero chega un día cume nas súas vidas. A súa filla Emma vai casar e todos se dispoñen a organizar a mellor voda. A noite previa á cerimonia, unha chamada rompe a harmonía familiar.

Entrega: 14 novembro

Comentario: 28 novembro

Lourenço, xograr, de Manuel Portas




No século XIII, Lourenço, un rapaz, soña con ser trobador. Como xograr do cabaleiro Joam García de Guilhade, buscará fortuna nas cortes peninsulares para que a súa arte sexa recoñecida. Nin as burlas, nin os desprezos clasistas, nin as penalidades nin as descualificacións sobre os seus dotes literarios conseguiran vencer a súa vontade.

Entrega: 28 novembro

Comentario: 12 decembro

La ley del menor, de Ian McEwan



Fiona Maye é unha xuíza especializada en dereito de familia que foi arrinconando a idea de formar a súa propia. Ao mesmo tempo que o seu marido vaise de casa, recibe o delicado encargo de decidir sobre a vida dun mozo necesitado dunha transfusión sanguínea que a súa familia rexeita debido ás súas crenzas relixiosas.

Entrega: 12 decembro

Comentario: 9 xaneiro